

Niño do Corvo

Vixía do Baixo Miño



A 307 metros de altitude, case no límite entre os concellos do Rosal e Tomiño, este miradoiro ofrécenos unha das máis amplas panorámicas da comarca do Baixo Miño. Especialmente destacan as vistas á desembocadura do Miño, onde o río entrega as súas augas ao océano Atlántico, ao Monte Trega na Guarda e a toda a beira portuguesa.



Un lugar imprescindible nunha visita ao Rosal que tamén se presta á práctica do deporte ou do turismo activo de certa intensidade, facendo sendeirismo ou subindo en bicicleta ao monte.

No caso de acceder á zona en vehículo, recoméndase facer o último tramo a pé.

Sabías que ...

- O Rosal posúe outros interesantes miradoiros naturais na ruta dos Muíños do Folón e do Picón e na ermida de San Martiño.
- A capela da Madanela é outro punto interesante desde o que se divisa o Miño, tanto a ribeira rosaleira como a portuguesa.

Información útil para a visita

Coordenadas: 41.948521, -8.811034